



Trasladará o documento aos grupos parlamentarios na próxima reunión da Mesa e Xunta de Portavoces prevista para este xoves

## **Pilar Rojo impulsa unha proposta para que as deputadas de baixa por maternidade podan delegar o seu voto**

- **Considera que o Parlamento tamén debe dar exemplo en materia de conciliación, con medidas que permitan superar situacións anacrónicas**
- **A presidenta do Parlamento anima aos grupos a acordar o xeito de acometer a reforma**
- **Entende que unha decisión deste tipo debería tomarse por unanimidade ao inicio do vindeiro período de sesións, sen agardar a unha hipotética reforma do Regulamento da Cámara**

**Santiago, 22 de xullo de 2009.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, trasladará aos grupos parlamentarios, na vindeira reunión da Mesa e da Xunta de Portavoces, prevista para mañá xoves, unha proposta de reforma puntual do Regulamento da Cámara para permitir que as deputadas podan compatibilizar os seus dereitos parlamentarios coa baixa por maternidade ou durante o período de xestación, se se dese o caso.

Rojo Noguera considera que o Parlamento non pode mirar cara outro lado ante anacronismos deste tipo e, como institución na que reside a esencia da democracia, ten que dar exemplo en materia de conciliación.

## **Delegación de voto noutro deputado ou deputada do mesmo grupo**

A proposta, que Pilar Rojo presentará aos grupos parlamentarios, limitarase a unha reforma puntual encamiñada a garantir que as deputadas en situación de baixa por maternidade podan delegar o seu voto noutro deputado ou deputada do seu mesmo grupo parlamentario. Esta delegación podería aplicarse tamén durante o período de xestación, se se dese o caso (como nun embarazo de risco).

A presidenta do Parlamento animará aos portavoces dos grupos parlamentarios a que acorden o xeito de encarar esta reforma puntual do regulamento, ao tempo que agarda que a modificación sexa aprobada por unanimidade, a ser posible, ao inicio do vindeiro período de sesións.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA